

# IDIOMAS DO MUNDO

## VERÁN 2020



60 PRAZAS  
IRLANDA (37)  
FRANCIA (10)  
PORTUGAL (10)  
ALEMAÑA OU AUSTRIA (3)



ESPERÁMOSTE!

PRAZO DE SOLICITUDE:  
DO 17 DE FEBREIRO AO 6 DE MARZO DE 2020  
NA WEB: [WWW.CORUNA.GAL/EDUCACION](http://WWW.CORUNA.GAL/EDUCACION)  
A TRAVÉS DA FICHA ESPECÍFICA:  
"IDIOMAS DO MUNDO 2020" ➡



Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña

CORUÑA  
EDUCACIÓN



CORUÑA  
➤ PRÓXIMA

ALUMNADO DE 4º DE ESO E 1º DE BACHARELATO  
4 SEMANAS DE DURACIÓN, PREFERENTEMENTE NO MES DE XULLO

# IDIOMAS DO MUNDO 2020



O programa educativo “IDIOMAS DO MUNDO” ofrece a oportunidade ao alumnado de 4º da ESO e 1º de Bacharelato, de realizar unha **actividade de inmersión lingüística no verán de 2020**, co obxectivo de avanzar no dominio dalgunha das linguas europeas máis faladas no mundo (**inglés e francés, portugués, e alemán**) e poder acreditar de xeito oficial o nivel acadado consonte o Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL).

**PERÍODO DE REALIZACIÓN**  
**4 semanas, preferentemente no mes de xullo de 2020.**

## TIPO DE BOLSAS

**Bolsa total:** serán beneficiarias as persoas seleccionadas que non superen os 9.000,00€ anuais de renda per cápita.

**Bolsa parcial:** serán beneficiarias as persoas seleccionadas que superen os 9.000,00€ anuais de renda per cápita. As familias asumirán un mínimo do 5% e un máximo dun 95% do custo total da praza, calculado en función da súa renda

## REQUISITOS

• **Constar empadroadada no Concello da Coruña xunto co seu pai e/ou nai ou representante legal, dende o 1 de setembro de 2019.**

• **Estar matriculado e cursando 4º de ESO ou 1º de bacharelato no curso 2019/20.**

• **Obter no curso 2018/19 unha cualificación mínima de ben (6) en 3º ou 4º de ESO e non ter ningunha materia suspensa.**

• **Obter no curso 2018/19, unha cualificación mínima de ben (6) en 3º ou 4º de ESO nas lingua/as estranxeira/s para as que se solicite o programa (inglés, francés /inglés/portugués ou galego). No caso de estar a cursar algún destes idiomas na Escola Oficial de Idiomas poderase alegar a cualificación obtida nela. Para o caso de portugués, de non se estar a cursar esta materia, a cualificación a valorar será a correspondente á materia de lingua galega e literatura**

do curso anterior.

• **Estar en posesión do documento nacional de identidade** (en diante, DNI) ou número de identidade de estranxeiro (en diante, NIE) e o pasaporte.

• **Non ter sido beneficiario no ano 2019** do programa “ Idiomas do mundo 2019” nin do “ Junior Year 2019/2020”.

• **As persoas que precisen visado** para realizar estadias no país para o que solicitan destino deberán dispor do mesmo **cando menos 15 días antes do inicio da viaxe**. A tramitación e obtención do visado é responsabilidade da persoa solicitante.

## INSCRICIÓN

• **As persoas interesadas deberán inscribirse en liña na web municipal**

**[www.coruna.gal/educacion](http://www.coruna.gal/educacion) a través da ficha específica “IDIOMAS DO MUNDO 2020”.** Unha vez feita a inscrición o sistema elabora un xustificante no que se lle concede un **número de asignación (ID)** que será o de referencia de cada expediente no proceso.

• **A documentación do expediente e o xustificante da inscrición en liña, deberá presentarse nos rexistros municipais** ou por calquera outro medio permitido pola Lei de Procedemento Administrativo.

**A presentación da solicitude implica a aceptación das bases da convocatoria.**

Este documento ten carácter meramente informativo.

**As bases do programa poden consultarse na web [www.coruna.gal/educacion](http://www.coruna.gal/educacion)**

## MÁIS INFORMACIÓN

**SERVIZO MUNICIPAL DE EDUCACIÓN.**

Avenida da Mariña, 18 -2º. 15001 A Coruña  
Tel. 981 184 200 .

**[educacion@coruna.es](mailto:educacion@coruna.es)**

